

Referencia:	2024/4608P
Procedemento::	Expedientes de personal A - Z
Interesado:	ALVARO VILA ARAUJO
Representante:	
SERVIZO DE RECURSOS HUMANOS E FORMACIÓN (447)	

En relación coa súa solicitude de data 22 de marzo de 2024 na que pide información sobre a resolución e a normativa que ampara a continuidade no posto de traballo dun traballador Laboral Fixo que supera a idade máxima permitida dos 70 anos, infórmolle o seguinte:

O artigo 60 do Convenio colectivo do persoal laboral da Deputación Provincial de Ourense (BOP núm. 81, de 11 de abril de 2009) establece que a xubilación forzosa será declarada de oficio ao cumprir o traballador os 65 anos de idade.

No ano 2015, a Disposición adicional 10ª do Estatuto dos traballadores estableceu que:

Se entenderán nulas y sin efecto las cláusulas de los convenios colectivos que posibiliten la extinción del contrato de trabajo por el cumplimiento por parte del trabajador de la edad ordinaria de jubilación fijada en la normativa de Seguridad Social, cualquiera que sea la extensión y alcance de dichas cláusulas

Polo tanto, a partir dese momento, o disposto no artigo 60 do Convenio Colectivo respecto da idade de xubilación non resultaba de aplicación por imperativo legal.

Posteriormente, no ano 2018 (con vixencia dende o 1 de xaneiro de 2019) modificouse dita DA 10ª no sentido de permitir que os Convenios Colectivos estableceran cláusulas que posibiliten a extinción do contrato de traballo ao chegar a idade legal de xubilación fixada na normativa da Seguridade Social sempre que se cumpriran dous requisitos: o primeiro é que tiveran dereito ao 100% da pensión ordinaria da xubilación e a segunda que se vinculara a obxectivos coherentes de política

de emprego expresados no convenio colectivo. Finalmente, no ano 2021 (con vixencia dende o 1 de xaneiro de 2022) modificouse novamente dita DA 10ª a fin de incorporar medidas discriminatorias de xénero a fin de favorecer ás mulleres.

O convenio colectivo vixente non cumpre coa actual lexislación laboral nesa materia e, ademais, establece unha medida máis restritiva de dereitos que a establecida na lei.

Aplicando a xerarquía de fontes establecida no artigo 3 do TRET e no artigo 9 da Lei 2/2015, de 29 de abril do emprego público de Galicia debe aplicarse o establecido na normativa laboral (xa que o artigo 68 da Lei 2/2015 regula a xubilación do persoal funcionario pero non establece que dito artigo se aplica aos laborais).

O artigo 49 do TRET establece que o contrato de traballo se extingue por xubilación do traballador sen concretar unha idade a partir da cal se produce a xubilación forzosa. Resulta neste caso de aplicación o disposto no Real Decreto Lexislativo 1/1994, de 20 de xuño que tampouco fixa unha idade de xubilación.

Polo tanto, a día de hoxe non existe ningunha norma que fixe unha idade concreta a partir da cal se extinga o contrato de traballo do persoal laboral que presta servicios na DPOU.

Asinado electronicamente por JOSE LUIS SUÁREZ
MARTÍNEZ
Xefe do Servizo de Recursos Humanos, Formación e Réx.
Interior
26/03/2024 - 11:00:43